

O NÁUFRAGO

O náufrago estaba morto de fame. Levaba tres semanas na illa cando a viu achegarse paseniño. Todo nela era primitivo, animal, salvaxe. Mesmo a súa beleza arrastraba algo espontáneo e natural que non se aviña ás convencións ás que o ser humano chegara nos últimos séculos. Semellaba como saída das cavernas, abraiada e axotada por todo o que a rodeaba, desacougada por esa sensación de descuberta e novidade que facía dos seus movementos un constante vaivén de ameazas. Pero, con todo, malia esa falta de depuración, era un ser fermoso, dun fulgor cegador, que chamaba a atención. Por iso, cando o náufrago meteu na boca o primeiro bocado, estremeceuse porque xa a comezou a botar de menos.

ÁS AGACHADAS

Encantáballe esconderse. Dende cativo adoitaba xogar ás agachadas e era quen de permanecer escondido durante horas até que a histeria chegaba aos pais. No acto de se agachar estaba todo o seu pracer. Xa casado, escondíase da muller e dos fillos. Mesmo no traballo, ás veces non era doado atopalo. Escondíase tanto e tan ben que un día alongou en exceso o seu pracer e, cando saíu do escondedoiro, xa non atopou ningún coñecido.

ARRAIANO

Nacera na raia e as guerras movían tanto as fronteiras que fixo o bautizo, a primeira comunión e foi á escola en diferentes países sen se mover da súa aldea. Cando o chamaron a filas chegou un momento que xa non sabía a que exército pertencía. E o día en que aquel tiro perdido lle buscou o peito, gastou os derradeiros intres de vida mastigando a pregunta de se aquel disparo fora, ou non, fogo inimigo.

A VELLA ILUSIÓN

Tal como lle dixeran os pais, o neno pechou as pálpebras con forza, mais non foi quen de pegar ollo. Estaba excitado, coma todos os anos. Por iso, de madrugada, cando o avó entrou pola fiestra, disfrazado e co saco dos agasallos, o neno, unha vez máis, finxiu que durmía para non lle tirar a vella ilusión.

O INMORTAL

Oavó vai camiño dos cen e sae todas as mañás ao parque. Ten unha saúde de buxo e os anos non parecen pasar por el. Cando lle preguntan pola receita da súa lonxevidade, non lle importa confesar que o segredo está en ir ao parque e regalarlles anos aos nenos.